

1. Explica a influencia do clima ao longo da Prehistoria

2. Indica de que período da Prehistoria poden ser as seguintes afirmacións:

- Mentres os feiticeiros pintaban os bisontes nas paredes da cova, os cazadores prepararan os propulsores e as puntas das azagaias para cazalos.
- Pedriño achegouse ao lume: que era esa cousa tan rara que parecía estar viva e que daba tanto calor? E para que podía valer?
- Mentras buscaba unha presa co seu arco, Andrés preguntábase onde estaban esas grandes manadas de renos das que falaban as lendas. Agora as árbores cubrían todo espazo e tería sorte se podía rastrear a un cervo ou a un corzo.
- Os mercaderes chegaban dende o sur en grandes barcos de vela e sempre demandaban o mesmo: estaño, estaño. A cambio traían cerámica, armas e ovos de avestruz
- Era un día triste, acababan de depositar o cadavre do avó na cámara do vello túmulo, que se abría de novo para depositar a un membro máis da familia. Os fillos colocaban coidadosamente ao seu carón as ofrendas: puntas de flecha, cerámica con forma de campá e un puñal de cobre.
- Estas malditas peles sempre se afrouxaban no peor momento. Co frío que facía e ao final tiñan que cazar case espidos para poder manexar ben as armas! Cando inventarán un sistema que permita adaptalas ben ao corpo?
- As mulleres da aldea acababan de sementar, e os nenos debían vixiar para que as ovellas non se comeran todo. Logo habería que evitar que aparecesen as malas herbas, e por último segar cos fouciños de sílex. Era un traballo duro, pero como case non había caza, non había alternativa

3. Cales son as principais aportacións do Neolítico? Que impacto tiveron na historia da humanidade? Por qué?

4. Que é o megalitismo? Que implica a súa aparición?

5. Supón a aparición do cobre o abandono definitivo da talla en pedra? Por qué?

6. Que é o bronce? Que ventaxas ten sobre o cobre?

7. Cales son as principais novidades da idade do bronce? Por qué se produce unha crise a finais do período? En que outro período había unha grave crise económica ao final?